

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 2 DE XULLO DE 2020

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas e sete minutos do día dous de xullo de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión extraordinaria e urxente, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta, de UxC; dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE; don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe, do PP; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites de AV; e integrando o Grupo Mixto, dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común.

Non asiste, con escusa, dona María José García Hidalgo, de C's.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona Verónica María Otero López, secretaria accidental.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria e urxente do Pleno municipal do día 2 de xullo de 2020, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202007021107420000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Pronunciamento do Pleno respecto da urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, de conformidade co establecido no artigo 95.2 do Regulamento orgánico municipal

O señor alcalde xustifica a urxencia da convocatoria desta sesión plenaria na chamada telefónica de Augas de Galicia, recibida no día de onte, na que se lles comunicou que, tendo en conta as vindeiras eleccións autonómicas do día 12 de xullo, e co fin de poder incluír o acordo de aprobación do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Cambre para a entrega de instalacións e para o mantemento e conservación do entorno do río Mero ao seu paso polo Concello de Cambre na última sesión do Consello da Xunta de Galicia da vixente lexislatura, o vindeiro día 9, resultaba necesario que o Concello de Cambre remitise a súa conformidade co novo texto do convenio o día 3 de xullo de 2020.

A continuación informa da chamada telefónica recibida ás 12:20 horas do día de hoxe, no que se lles informa do envío dun novo texto de convenio, que finalmente recibiron ás 12:34 horas.

Tendo en conta a imposibilidade de informar o novo texto por parte dos servizos técnicos e xurídicos municipais, propón deixar o asunto sobre a mesa e celebrar unha nova sesión extraordinaria e urxente mañá 3 de xullo de 2020, ás 9:00 horas da mañá, para o caso de que os técnicos poidan emitir informe ao longo da tarde do día de hoxe.

Todos os concelleiros asistentes á sesión amosan a súa conformidade coa proposta.



2. Aprobación, se procede do “Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Cambre para a entrega de instalacións e para o mantemento e conservación do entorno do río Mero ao seu paso polo Concello de Cambre”

Este punto no foi tratado.

E non habendo máis asuntos, o señor presidente levantou a sesión cando son as trece horas e dezaseis minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López